

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

### LALÍN

#### Ordenanzas e Regulamentos

#### *APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ NAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE LALÍN*

Tras a aprobación inicial polo Pleno da Corporación do Regulamento de participación cidadá nas parroquias do Concello de Lalín, na sesión ordinaria celebrada o día 29 de outubro de 2015, e dado que durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, enténdese definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional. De conformidade co previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 procédese á publicación do texto íntegro do regulamento.

#### **REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE LALÍN**

##### *Capítulo I.—Da organización territorial do Concello de Lalín*

Artigo 1.—O Concello de Lalín, considerando a súa tradición histórica, tendo en conta a súa extensión territorial e recoñecendo que o rural foi o noso pasado, o noso presente e ten que ser o noso futuro, quere promover a desconcentración territorial en materia de participación cidadá, coa intención de achegar o Goberno Municipal a toda a cidadanía do Concello.

Artigo 2.—O Concello de Lalín, para a mellor xestión dos intereses xerais dos cidadáns e da veciñanza, en virtude da súa potestade organizativa, e atendendo á súa realidade sociolóxica e demográfica, organízase territorialmente en 53 parroquias.

Artigo 3.—As parroquias que integran a organización territorial do Concello de Lalín son as seguintes: Albarelos, Alemparte, Alperiz, Anseán, Anzo, Barcia, Bendoiro, Bermés, Botos, Busto, Cadrón, Camposancos, Cangas, Castro de Cabras, Catasós, Cello, Cercio, Cristimil, Doade, Donramiro, Donsión, Erbo, Filgueira, Fontecabalos, Galegos, Goiás, Gresande, Lalín, Lalín de Arriba, Lebozán, Lodeiro, Losón, Maceira, Madriñán, Méixome, Moneixas, Moimenta, Noceda, Palio, Palmou, Parada, Prado, Rodís, Santiso, Sello, Soutolongo, Val do Carrio, A Veiga, Vilanova, Vilatuxe, Xaxán, A Xesta e Zobra.



Artigo 4.—O territorio de cada parroquia está determinado polo actual mapa de parroquias realizado pola Xunta de Galicia e definido no SITGA (Sistema de Información Territorial de Galicia).

As parroquias que se indican a continuación, e que non figuran como tales no SITGA, estarán compostas polos seguintes entidades de poboación:

*Alperiz:* Alperiz.

*Erbo:* Regufe.

Corbillón.

Erbo de Abaixo.

*Lalín de Arriba:* Alfonselle.

Lagazós.

Outeiro.

Lalín de Arriba.

Rúa Monte do Faro (pares a partir do nº 62 e impares a partir do nº 61).

*Fontecabalos:* Cima de Sello.

Fontecabalos.

Xesteira.

*Palio:* Palio de Arriba.

Palio de Abaixo.

#### *Capítulo II.—Dos órganos de participación nas parroquias.*

##### *Sección 1.—Dos Alcaldes ou Alcaldesas de Barrio*

#### *Artigo 5.—Dos Alcaldes ou Alcaldesas de Barrio*

En cada parroquia haberá un Alcalde ou Alcaldesa de Barrio, libremente elixido ou elixida pola veciñanza da parroquia e nomeado ou nomeada polo Alcalde ou Alcaldesa, dando conta ao Concello Pleno na primeira sesión que celebre.



No casco urbano estas funcións serán exercidas polo propio Alcalde ou Alcaldesa, e a participación veciñal estruturarase a partir das asociacións existentes ou as que, no seu caso, se constitúan no futuro.

O Concello, impulsará a constitución de asociacións nas parroquias onde actualmente non existan. Haberá unha asemblea con representantes de todas estas asociacións que se reunirá anualmente coa presenza do Alcalde ou concelleiro/a en que este delegue.

#### *Artigo 6.—Funcións*

1. O Alcalde ou Alcaldesa de Barrio será o representante da alcaldía e do Goberno municipal na súa parroquia e terá as funcións que se indican no apartado seguinte.

2. Son funcións do Alcalde ou Alcaldesa de Barrio as seguintes:

a) A función principal do Alcalde ou Alcaldesa de Barrio será ser ponte comunicativa entre a veciñanza da parroquia e o Goberno Municipal. Empregará como interlocutor/a principal ó concelleiro de medio rural, a través do que se transmitirá ao Goberno Municipal as súas inxerencias e as que se lle trasladen ao Consello Parroquial e á Asemblea parroquial. Igualmente o Goberno Municipal comunicarase coa veciñanza da parroquia a través do Alcalde de Barrio.

b) O Alcalde ou Alcaldesa de Barrio transmitirá ao Goberno Municipal de xeito inmediato as necesidades ou deficiencias que observe na parroquia. En particular informará das incidencias que se produzan no sistema de alumeadado público e outras subministracións, no servizo de abastecemento de auga potable, se o houbese, na limpeza e recollida de residuos sólidos, no estado do sistema de saneamento e depuración de augas residuais, dos camiños públicos e, así mesmo, dará conta de todo o relativo á conservación medioambiental das concas fluviais e das áreas forestais que existan na súa parroquia.

c) O Alcalde ou Alcaldesa de Barrio informará das incidencias na convivencia da súa parroquia e poderá mediar en conflitos entre a veciñanza, sempre que as partes en desacordo acepten dita mediación, que terá por obxecto chegar a solucións amigables das diferenzas, sen que isto exclúa en ningún caso a posibilidade dos interesados/as de acudir a outras instancias.

d) O Alcalde ou Alcaldesa de Barrio presentará ao Goberno Municipal as reivindicacións da cidadanía da parroquia e, asemade, informará á veciñanza das actividades que leve a cabo dito Goberno, especialmente cando afecten á súa parroquia.



e) Como representante do Alcalde na parroquia, competeralle tamén calquera outra actuación ou cometido específico ou concreto que a alcaldía- presidencia ou o Concelleiro delegado competente, considere oportuno asignarlle, sen que isto implique, en ningún caso, unha delegación de atribucións ou competencias.

f) De xeito especial, correspóndelle ao Alcalde ou Alcaldesa de Barrio fomentar as canles de participación da cidadanía da súa parroquia.

3. O Alcalde ou Alcaldesa de Barrio será elixido/a por sufraxio universal polas persoas maiores de idade empadroadas na parroquia cunha antigüidade dun mes á convocatoria electoral.

Poderán ser elixidos Alcaldes ou Alcaldesas de Barrio todos aqueles cidadáns ou cidadás maiores de 18 anos, empadroados con seis meses de antigüidade, veciños ou veciñas da parroquia, que presenten a súa candidatura.

Para poder ser designado Alcalde ou Alcaldesa de Barrio, a participación terá que ser igual ou superior ao 5% do censo parroquial.

No caso de presentarse unha única candidatura será nomeado polo Alcalde, aportando un número de sinaturas de veciños/as da parroquia do 10 % do censo da mesma.

Se non existisen candidatos/as corresponderá nomear Alcalde ou Alcaldesa de Barrio ao Sr. Alcalde, a un veciño da parroquia.

Cando nunha parroquia exista unha Asociación de veciños con representación das casas e dos veciños da metade máis uno, a Alcaldía poderá considerar que a representación e as funcións asignadas ao Alcalde de Barrio e ao Consello Parroquial lle corresponda á dita asociación.

4. Non poderán ser elixidos Alcaldes ou Alcaldesas de Barrio aqueles/as que foran condenados/as mediante sentenza firme por cometer algún delito, ni aqueles/as que estean procesados/as no momento da elección.

5. O proceso electoral e a súa normativa específica, urnas, cabinas, sobres e modelo de papeleta, cronoloxía e prazos, interventores, actas de escrutinio, etc, serán establecidos por decreto da alcaldía. Este proceso abrirase cando se constituía o goberno despois de cada proceso electoral municipal. Haberá un prazo para a presentación de candidaturas que deberán ser validadas, verificando que os candidatos reúnen todos os requisitos. Haberá unha breve campaña electoral e un tempo mínimo de votación de dúas horas como mínimo e cinco horas como máximo en cada parroquia, no local parroquial correspondente. Nomearase unha mesa electoral composta por dous funcionarios municipais, e esta mesa resolverá as



incidencias do proceso electoral). O proceso de votación e escrutinio realizarase en todas as parroquias no prazo tres meses a contar dende a data da celebración da elección na primeira parroquia.

6. Os candidatos/as máis votados/as serán nomeados Alcalde ou Alcaldesa de Barrio polo Alcalde do Concello e tomarán posesión do seu cargo ante o Alcalde.

7. O Alcalde ou Alcaldesa de Barrio cesará o mesmo día que cese o Alcalde ou Alcaldesa do Concello, e continuará en funcións ata a elección e nomeamento do novo Alcalde ou Alcaldesa de Barrio. En caso de dimisión, falecemento, enfermidade grave ou outra causa, a Asemblea de Barrio elixirá novo Alcalde ou Alcaldesa de Barrio.

En caso de ausencia ou enfermidade común, substituirao o primeiro vocal da Asemblea de Barrio.

8. O Alcalde ou Alcaldesa de Barrio será nomeado para un período coincidente coa renovación da Corporación Municipal, ou o da duración do mandato do Alcalde se fose inferior a aquel; neste último caso a Asemblea parroquial elixirá novo Alcalde ou Alcaldesa de Barrio. O Alcalde ou Alcaldesa de Barrio non poderá permanecer no cargo máis de 8 anos consecutivos.

9. O cargo de Alcalde ou Alcaldesa de Barrio en ningún caso será retribuído. Do mesmo xeito, tampouco serán retribuídos os cargos no Consello Parroquial.

## *Sección 2. O Consello Parroquial*

### *Artigo 7.—Consellos parroquiais*

Os Consellos parroquiais son órganos de participación, consulta, información, control e propostas de xestión municipal, carentes de personalidade xurídica propia, que permiten e impulsan a nivel parroquial a participación de veciños e veciñas, colectivos e entidades.

Constituirase un Consello Parroquial en cada parroquia do rural do Concello de Lalín.

O Consello Parroquial estará formado polo Alcalde ou Alcaldesa de Barrio, que o presidirá, e un número de vocais a razón dun vocal por cada lugar da parroquia como máximo, que serán elixidos pola Asemblea parroquial. Un deles asumirá as funcións de secretario.

Os vocais serán elixidos na primeira Asemblea Parroquial da lexislatura polos membros desta entre os que se postulasen coma candidatos/as, recaendo a elección nos máis votados/as. Irán na mesma lista que o candidato a Alcalde/desa de Barrio. O seu mandato durará ata a celebración das seguintes eleccións municipais, permanecendo en funcións ata a elección de novos vocais pola Asemblea Parroquial.



As funcións do Consello Parroquial, que se cursarán a través do Alcalde ou Alcaldesa de Barrio, serán as seguintes:

a) Instar ao Alcalde ou Alcaldesa de Barrio que realice algunha das súas competencias cando se entendan que se dá o caso previsto para que o Alcalde ou Alcaldesa de Barrio teña que actuar.

b) Fomentar a participación directa e descentralizada dos veciños e veciñas, colectivos, asociacións e entidades, en actividades propias ou do Concello, establecendo os mecanismos necesarios de información, impulso e seguimento das súas actividades.

c) Formular propostas que se canalizarán a través do Alcalde ou Alcaldesa de Barrio que estará obrigado/a a presentalas ante o Goberno Municipal.

d) Entregar anualmente ao Concello un informe do estado das necesidades da parroquia, con indicación e selección de prioridades para a súa posible inclusión nos plans de actuación municipal e nos orzamentos do Concello.

e) Seguir as actuacións municipais analizando os elementos dos plans de actuación municipal e dos seus obxectivos que afecten á parroquia.

f) Obter información, previa petición, dos temas de interese para a parroquia.

g) Promover e fomentar o asociacionismo, a participación na vida da parroquia e a cooperación entre organizacións, potenciando a coordinación entre diferentes institucións ou entidades que actúen na parroquia, xa sexan públicas ou privadas.

h) Propor ao Alcalde ou Concelleiro Delegado do Rural os asuntos que consideren convenientes para a súa inclusión na orde do día das sesións do Concello Pleno e, no seu caso, intervir nas sesións, nos termos e condicións establecidos pola Presidencia ou no seu caso no regulamento orgánico municipal.

Periodicidade das reunións. Os Consellos Parroquiais reuniranse en sesión ordinaria unha vez cada 6 meses, ou cando o estimen necesario para o cumprimento dos seus obxectivos; extraordinariamente e baixo proposta do presidente do Consello Parroquial, levarase a cabo unha xuntanza ou ben cando o solicite un 25 % dos veciños e veciñas, ou ben o/a Alcalde/sa ou Concelleiro/a Delegado/a.

Correspóndelle ao presidente do Consello Parroquial a convocatoria e a elaboración da orde do día das sesións, das que se realizará acta. Publicaranse a data e hora das xuntanzas ordinarias con 2 días de antelación, co fin de que os veciños e veciñas poidan presentar solicitudes e propostas para a súa inclusión na orde do día.



A convocatoria farase a través do taboleiro de anuncios da parroquia e por correo electrónico aos seus membros.

As decisións serán tomadas por maioría, tendo o Alcalde ou Alcaldesa de Barrio voto de calidade en caso de empate.

Con carácter anual, e previamente á aprobación dos presupostos do Concello, a alcaldía convocará a todos/as os presidentes ou membro do Consello no que deleguen estes a unha sesión conxunta de todos os consellos parroquiais do Concello, para informar e analizar a xestión municipal a nivel territorial, o desenvolvemento dos plans de acción municipais e, no seu caso, a desagregación territorial dos presupostos do Concello.

### *Sección 3. A ASEMBLEA PARROQUIAL*

#### *Artigo 8.—A Asemblea Parroquial*

A Asemblea Parroquial estará constituída por todos os veciños e veciñas da parroquia maiores de 18 anos incluídos no censo municipal.

Son funcións da Asemblea parroquial as seguintes:

- a) A elección dos membros do Consello Parroquial.
- b) O debate e análise de asuntos a nivel parroquial, así como a formulación de propostas ao Consello Parroquial e ao Alcalde ou Alcaldesa de Barrio, que terán a obriga de cursalas, se foran votadas pola maioría dos presentes.
- c) O fomento da participación cidadá constituíndo asociacións cidadás especialmente na parroquia onde non existan
- d) Impulsar a elección da Comisión de festas.

A Asemblea Parroquial reunirse como mínimo unha vez ao ano e extraordinariamente cando o propoña o Alcalde, o Alcalde/sa de Barrio, ou a iniciativa dos veciños/as que sumen un 10% de sinaturas acreditadas. Corresponde convocala ao Consello Parroquial facendo pública a convocatoria no taboleiro de anuncios do local social da parroquia.

A Asemblea Parroquial estará presidada polo Alcalde/sa de Barrio e o Consello parroquial.



*Sección 4. ASOCIACIONES VECIÑAIS**Artigo 9.—Das asociacións veciñais*

O Concello, o Alcalde/sa de Barrio, o Consello Parroquial e a Asemblea Parroquial impulsarán a constitución dunha asociación veciñal nas parroquias onde non existan, ou recoñecerán as asociacións existentes na parroquia, cando xa estean constituídas e, neste último caso, colaborarán con elas.

A través das asociacións veciñais, que se constituirán legalmente e polo tanto terán personalidade xurídica propia, poderán organizarse actividades, solicitar subvencións, e realizar calquera outra función que se inclúa no seu obxecto social.

O presente regulamento entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP, sen prexuízo do disposto no artigo 67 da lei 7/85, de 2 de abril, RBRL.

Lalín, a día 7 de xaneiro de 2016.—O Alcalde-Presidente, Rafael Cuíña Aparicio.

